

NOTA DE PRENSA 030/23
1 DE XUÑO DE 2023

**TODO LISTO PARA O RALLYE DE PONTEVEDRA, CUARTA PROBA DO
CERTAME GALEGO**

O Campionato Galego de Rallyes retorna as estradas esta fin de semana coa celebración da quinta edición do Rallye de Pontevedra (2 e 3 de xuño).

Cuarta parada do certame autonómico para os equipos galegos, nunha cita que terá dúas xornadas de competición, venres e sábado.

O venres, ademáis das verificacións e a cerimonia de saída, que terá lugar na Praza do Mar de Sanxenxo as 19:15 horas, haberá un tramo cronometrado (19:40 horas), que servirá como aperitivo para o que os afeccionados desfrutarán o día seguinte.

Como é habitual, o Rallye de Pontevedra plantexou para o sábado un formato de competición de tres treitos a tres pasadas, con comezo as 8:03 horas da mañá e remate coa chegada do primeiro participante a Praza do Mar ás 20:55 horas.

En total serán 113 kilómetros cronometrados, nunha proba que contará con 126 equipos na liña de saída. Entre os favoritos, Víctor Senra e David Vázquez que repetirán co Citroën C3 WRC; Alberto Meira e Avelino Martínez co Skoda Fabia R5 ou Luis Vilariño e Enrique Velasco, co Hyundai I20 R5.

Os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo formados por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, serán outros dos equipos con opcións dun bo resultado, tanto na xeral como na Gara N5 e a Top Ten Pirelli B, na que é a súa proba da casa.

Tamén estarán o resto dos formatos promocionais da FGA, que chegan ao Rallye de Pontevedra tremendamente igualados.

Programa Horario do Rallye de Pontevedra:

Venres, 2 de xuño

Cerimonia de saída (Praza do Mar, Sanxenxo) // 19:15 horas

TC1 – Sanxenxo 365 días diferentes // 19:40 horas

Sábado, 3 de xuño

TC2 – Meaño – Staroil 1 // 08:03 horas

TC3 – Cerdedo – Cotobade 1 // 09:06 horas

TC4 – Campo Lameiro – Moraña 1 // 09:57 horas

TC5 – Meaño – Staroil 2 // 12:57 horas

TC6 – Cerdedo – Cotobade 2 // 14:00 horas

TC7 – Campo Lameiro – Moraña 2 // 14:51 horas

TC8 – Meaño – Staroil 3 // 17:51 horas

TC9 – Cerdedo – Cotobade 3 // 18:54 horas

TC10 – Campo Lameiro – Moraña 3 // 19:45 horas

Entrada parque pechado final do Rally (Praza do Mar, Sanxenxo) // 20:55 horas